



Madrid, 13 de abril de 2026

Estimados/as compañeiros/as:

No noso afán de ir completando o que será o XXI Congreso de Cooperativas de Ensino, "Diversidade que educa, inclusión que transforma", e ir informando sobre o mesmo aos poucos, volvemos contactar convosco co fin de presentarvos o programa do congreso que, en certo xeito é provisional pois, aínda que case todos os relatores xa están confirmados, está pendente de concretar que autoridades nos acompañarán nos actos de inauguración e clausura.

Diversidade e inclusión son as palabras clave dun Congreso que faremos realidade colectivamente e onde queremos descubrir e explorar as potencialidades que a relación entre EDUCAR, DIVERSIDADE, INCLUSION E TRANSFORMACIÓN atesouran.

Aspiramos a facer este descubrimento dende a mirada e a acción cooperativas. Porque é o noso Congreso, o do Cooperativismo Educativo. E sabemos que a suma feita desde a diversidade propia da escola cooperativa ofrece unha oportunidade inmejorable de reflexionar e construír xuntas e xuntos.

Presentado xa no comunicado anterior o XXI Congreso e identificados os obxectivos, o programa provisional e a necesidade de ir planificando a viaxe e o aloxamento canto antes, co fin de conseguir unhas tarifas máis económicas grazas aos bonos turísticos, neste comunicado imos anunciar o inicio do período de inscrición.

Sobre o programa hai que dicir que se deseñou de forma que favoreza o enriquecemento mutuo a través dunha reflexión común sobre temas fundamentais que nos afectan, así destacar os seguintes aspectos:

- O día previo á inauguración, o martes 20 de outubro celebrarase pola tarde o acto de benvida. "Raíces e Sabores de Melilla: Unha Noite para Compartir Culturas" para aqueles que cheguen pronto.
- Os relatorios desenvolveranse nas sesións da mañá con expertos de recoñecido prestixio tras os que se abrirá unha quenda de preguntas e debate.
- A Mesa de debate celebrarase en plenario coa intervención de representantes do sector que acheguen unha visión práctica e real sobre convivir e aprender o poder da diversidade nos centros educativos e a súa contorna.
- Nos Talleres de Debate analizaranse diferentes temáticas de interese para o colectivo, compartindo experiencias de aprendizaxe e do seu traballo elaboraranse unhas conclusións.
Os asistentes, na inscrición, deberán optar por un destes talleres, cuxos contidos se mostran na web oficial do congreso.
- Visitas culturais. Propuxéronse dúas interesantes visitas a realizar, unha dentro do programa, a da ruta dos templos / Melilla a vella / A Melilla Modernista, e outra optativa a Alhucemas en Marrocos o sábado, 24 de outubro, que poderán gozar os congresistas que así o desexen.
- Cea oficial. Celebrarase a noite do xoves despois da actividade cultural e creatividade cooperativa a cargo de "A Agrupación Teatral Enrique Soler, Profesores que Inspiran Máis Aló da Aula".

O lugar de celebración do XXI Congreso como poderedes observar no programa da web será itinerante, empezando na sede da UNED Melilla para continuar na Cidadela e Centro de Interpretación de Melilla a Vella e finalizar no Hospital do Rei.



Toda a información respecto ao desenvolvemento do XXI Congreso de UECOE pódese ver na súa páxina oficial <https://21congresomelilla.es> que vos convidamos a visitar e que se irá actualizando e completando a medida que se achegue a data do congreso.

Aproveitamos para informaros sobre o [modo de proceder á inscrición](#), que podedes ver con máis detalle a continuación e comunicaros que xa está aberto o prazo, admitíndose as inscricións ata **o 15 de setembro de 2026** como último día.

Para a inscrición no XXI Congreso de UECOE deberase cumprimentar o formulario de inscrición dende [AQUÍ](#).

Para considerarse efectiva e correcta a inscrición deberán de seguirse todos os pasos e así cumprimentar os datos do participante solicitados, marcar a opción do Taller de Debate ao que quere asistir, indicar a data de chegada e saída de Melilla, se se vai a participar na visita a Alhucemas, así como enviar o resguardo da transferencia bancaria co importe correspondente e o nome da persoa inscrita. Unha vez que se chegue a este paso e se envíe, considerarase realizada a inscrición e a continuación o interesado recibirá unha mensaxe de confirmación.

En caso de estar interesado en facer a visita a Alhucema recoméndase, antes da planificación da viaxe e a xestión do bono, consultar coa axencia respecto da dispoñibilidade de aloxamento para as noites do venres e sábado, pois o bloqueo de habitacións fíxose só para as noites do congreso.

Lembrar que nesta ocasión os asistentes ao XXI Congreso poderán xestionar a solicitude dun bono turístico ante o Padroado de Turismo que bonifica tanto os gastos de desprazamento a Melilla como de aloxamento durante os días de estancia na cidade. Esta información ademais de estar na web do XXI Congreso detállase no Anexo II.

Unha vez que se obteña o bono hai que contactar coa axencia de viaxes Ilhamtours S.L. que se encargará de reservar o aloxamento no hotel que se seleccione do tres propostos (Hotel Rusadir, Hotel Ánfora e Hotel Melilla Puerto) así como de emitir os billetes de avión ou barco á vista das necesidades de cada persoa.

Para calquera información que necesitedes respecto disto, podédela solicitar directamente ao Comité Organizador vía e-mail a formacion@uecoe.es que puntualmente será contestada.

De todos os xeitos, irémosvos informando das novidades e avances que vaian xurdindo ademais de poder visitar a web oficial do XXI Congreso que estará permanentemente actualizada.

Esperamos que este programa sexa de voso agrado, así como as personalidades que nos acompañarán e, sobre todo, que cumpramos á finalización do congreso con algunha das vosas expectativas. Desexamos que esta comunicación vos sirva como avance informativo para que reservedes nas vosas axendas estas datas, vos inscribades canto antes e nos poidamos atopar no Congreso.

Un cordial saúdo.

Esperámosvos en Melilla!!

Comité Organizador do XXI Congreso de UECOE



PROCESO DE INSCRICIÓN

Co fin de que a vosa inscrición ao XXI Congreso de UECOE a celebrar en Melilla durante os días 21, 22 e 23 de outubro de 2026 vos resulte o máis fácil posible, adiantámosvos a continuación detalles do proceso a seguir para a mesma que consideramos seravos útiles coñecer antes de empezar a cumprimentar o correspondente boletín.

Prazo de inscrición

Ata o 15 de setembro de 2026

Datos para a inscrición e modo de realizala

A inscrición realizarase on-line a través da ligazón que se indica na carta que vos achegamos.

Os datos persoais que vos pedimos no boletín son os seguintes:

- Nome e apelidos / NIF
- Dirección / Poboación / Código Postal / Mail / Teléfono (Móbil no caso de querer formar parte do grupo de WhatsApp que se creará do XXI Congreso a efectos informativos e loxísticos)
- Centro
- Cargo que ocupa

En canto ás actividades nas que participar, pedirémosvos que nos contestedes a estas catro preguntas:

- Asistirá o martes 20 á Cea de benvida? SI/NON
- Asistirá ao xantar de clausura do venres 23? SI/NON
- Ten algunha alerxia ou intolerancia alimentaria?
- Indique o Taller de debate no que desexa participar
 - ✓ Diseñando aulas inclusivas: estratexias prácticas.
 - ✓ Aulas de cristal: ensino inclusivo como motor da educación ambiental.
 - ✓ Ferramentas nadas da vida. Storytelling, emoción e inclusión para chegar ao alumnado.
 - ✓ Tecnoloxía e diversidade: unha ponte ou unha barreira?
 - ✓ Educación emocional e diversidade: habilidades para a transformación.

Solicítase que se indique a data de realización da transferencia bancaria da cota de inscrición.

Cota de inscrición

A cota de inscrición ao congreso é de **300,00.-€ non** inclúe o aloxamento.

A cota de inscrición inclúe:

- Asistencia a todas as sesións do congreso: Relatorios, Mesa debate e Talleres de debate.
- Xantares de traballo.
- As pausas cafés.
- Cea de benvida.
- Visita e acto cultural dos días 21 e 22 de outubro e cea oficial.
- O material que se entregue durante o congreso.



Formalización da inscrición

Para formalizar a inscrición débese cumprimentar o formulario, efectuar o pago e enviar o xustificante.

Será IMPRESCINDIBLE remitir o resgardo da transferencia na que debe constar o Nome e Apelidos da persoa inscrita e a palabra XXI Congreso e recoméndase gardar unha copia en formato .pdf ou .jpg para poder enviala ao correo electrónico formacion@uecoe.es e validar así a inscrición.

A transferencia deberá efectuarse na conta corrente de Cajamar con IBAN ES5530581906622720013920

A inscrición non será efectiva sen o pago da cota de inscrición.



TALLERES DE DEBATE



1. Taller: “Diseñando aulas inclusivas: estrategias prácticas”

Objetivo: Brindar herramientas pedagógicas para atender a diversidad de estudiantes, incluyendo necesidades educativas especiales, diversidad cultural e de género.

Espazo orientado ao intercambio de propostas metodolóxicas e recursos concretos para construír aulas máis inclusivas, accesibles e participativas, con especial atención á resposta educativa á diversidade do alumnado.

Metodoloxía:

- Presentación de boas prácticas e casos de éxito en cooperativas de ensino.
- Actividades grupais para deseñar un plan inclusivo de aula.
- Debate sobre os retos e solucións na implementación real.



2. Taller: “Aulas de cristal: ensino inclusivo como motor da educación ambiental”

Este taller ten como obxectivo principal ofrecer aos docentes unha visión integral e práctica para integrar a educación ambiental, con especial énfase no ecosistema mariño, no día a día da aula. Abordaranse estrategias pedagógicas inclusivas que respectan a diversidade de capacidades cognitivas e estilos de aprendizaxe presentes en todo grupo de estudantes.

Metodoloxía:

A proposta pedagóxica fundaméntase no recoñecemento de que cada estudante aprende de maneira diferente. Por iso, presentaranse ferramentas e técnicas que permiten adaptar os contidos sobre o medio ambiente mariño a distintos perfís cognitivos, garantindo que todo o alumnado poida acceder a estes coñecementos de maneira significativa e participativa.



3. Taller: “Ferramentas nadas da vida. Storytelling, emoción e inclusión para chegar ao alumnado”

Un taller práctico para transformar a xestión en inspiración. Javier Pavón, experto en creación de recursos e referente de resiliencia, ensina aos líderes de cooperativas de ensino a utilizar o storytelling como ferramenta estratéxica. O obxectivo é aprender a construír relatos que convertan os desafíos do centro en oportunidades, conectando emocionalmente co equipo e as familias.

Metodoloxía:

Aprendizaxe Experiencial: Dinámicas grupais de resolución de conflitos mediante narrativas.

Creación de Recursos: Uso de ferramentas dixitais para deseñar mensaxes de alto impacto.

Liderado Real: Enfoque baseado na superación, a adaptación e o valor do modelo cooperativo.



4. Taller: “Tecnoloxía e diversidade: unha ponte ou unha barreira?”

Espazo de reflexión sobre o papel da tecnoloxía nos contextos educativos diversos, analizando o seu potencial como ferramenta de inclusión, pero tamén os riscos de exclusión se non se aplica con criterios pedagóxicos claros.

Metodoloxía:

- Debate tipo “Oxford” ou mesa redonda.

Preguntas para debate:

- ✓ A tecnoloxía amplía as oportunidades de aprendizaxe inclusiva ou xera fendas?
- ✓ Como podemos deseñar recursos dixitais que respecten a diversidade e fomenten a inclusión?



5. Taller: “Educación emocional e diversidade: habilidades para liderar a transformación”

Ten como obxectivo principal fomentar competencias socio-emocionais que permitan unha convivencia máis inclusiva, respectuosa e eficaz, especialmente en contextos educativos diversos. Trátase dunha proposta práctica, vivencial e orientada ao cambio real. Durante o taller traballaremos a través dun formato experiencial, combinado cunha reflexión final grupal.